


PEZA DO MES

decembro

2022



MORTEIRO DE SATURNINUS



FOTOGRAFÍA DO DETALLE DA MARCA DE OLEIRO

Morteiro de Saturninus

Con motivo das obras realizadas na estrada N-525, ao abeiro do coñecido como Plan de accesos a Galicia, levado a cabo na primeira metade da década dos anos 70 do século XX, que tiña por obxecto mellorar o trazado desta vía, tivo lugar o descubrimento desta peza, xunto cuns fragmentos de terra sigillata, nas proximidades da cidade de Ourense, á altura do lugar de Papón. A pesar de que Manuel Blanco Guerra, coñecedor do achado, deu conta deste no diario *La Región*, o 3 de xaneiro de 1974, foi erroneamente publicado como procedente do Conxunto Arqueolóxico-Natural de Santomé, erro no que nós mesmos incidimos en publicacións posteriores. Hoxe, o lugar do achado está catalogado como xacemento arqueolóxico, núm. GA32054049, englobado nun amplo espazo denominado «Revolta da Ermida».

Blanco Guerra comunicou o achado a Alberto Balil Illana, daquelas catedrático de Arqueoloxía da Universidade de Valladolid, quen, en carta do 25 de xaneiro de 1974, lle comenta: «La pieza reproducida es un fragmento de *mortarium* romano. Estas piezas son frecuentes en todo el mundo romano, singularmente en el ámbito mediterráneo. Las piezas con marca de alfarero no lo son tanto...».

Efectivamente, trátase dun fragmento de *mortarium*, do que só se conserva o arranque do corpo co pico vertedoiro, con dimensións máximas de 12,3 x 5,8 cm, de pasta arxilosa, moi depurada, de cor ocre. A ambos os lados da canle presenta sendas cartelas con marcas impresas.

Aínda que, como comentaba Aberto Balil, non acostuma ser moi habitual que os morteiros porten

marca de oleiro, pois só o leva unha parte moi reducida da produción, neste caso, conserva a rúbrica da *fliginia* ou taller no que se fabricou, na marxe dereita do vertedoiro oblicua á canle de desaugadoiro. A cartela, rectangular de ángulos tamén rectos (39,8 x 8 mm), contén o selo completo: SATURNIN(I), cunha ordenación de lectura do texto do exterior ao interior do bordo. Os caracteres están impresos en letra capital e utilizan, como ben sendo habitual neste artesán, o nexo VR, e posiblemente, o NI para formar o xenitivo de *Saturninus*, cognome que identifica este individuo. No outro lado, tamén oblicuo ao vertedoiro, leva unha nova cartela, anepigráfica (16,2 x 2,3 mm), cun ramo de palma, motivo que habitualmente acompaña os produtos asinados por *Saturninus*, coa expresión de xenitivo, como podemos constatar nos exemplares de *Emporiae*, *Celsa* ou Herrera de Pisurga, sen que teñamos constancia de que se documente en solitario. A miúdo, este selo anepígrafe documéntase tanto á dereita como á esquerda do vertedoiro.

Outras pezas, tamén coa marca *Saturninus*, presentan punzóns con nexos nos caracteres AT, ademais de NI, como é o caso do selo documentado na fase correspondente ao campamento de *Lucus Augusti*, ou aínda máis complexo, no exemplar de *Barcino*, que algúns autores interpretan con tres nexos AT, VR, e NI, aínda que, ao estar fracturado ao final, non resulta fácil comprobar o último.

Os produtos asinados por *Saturninus* poderían estar asociados, na súa orixe, ás producións dun fabricante que asina con *dua nomina* M. CIMONI, do que se coñecen unha serie de morteiros procedentes de Roma, Sagunto ou Cartago, e finalmente, a un *offinator* que asina en *tria nomina* M. CIMONI SATURNINI. Sospéitase que este individuo de condición libre debía ser, máis que un simple oleiro que fabrica morteiros co seu nome, o propietario do taller onde se realizan. De modo que todo parece indicar que nos atopamos cun obradoiro, no que o seu propietario ou director é *M. Cimonius Saturninus*, do que existen unha variedade de selos que van de *Saturninus*, *M. Cimonius* a *M. Comonius Saturninus*, seguindo unha posible evolución cronolóxica que se desenvolvería na primeira metade do século I d. C.

Este tipo de morteiros denomínanse Dramont D 1, a partir dos diferentes tipos rexistrados e clasificados no pecio de Dramont D. Caracterízanse por mostrar unha pasta moi fina, de cor rosa claro, tirando a ocre, con desgraxante prioritariamente de mica. Presentan un bordo horizontal engrosado ao exterior, con paredes baixas e moi exvasadas. Cara ao interior, a



FOTOGRAFÍA DO DETALLE DA PALMA.

superficie externa está, a miúdo, cuberta por unha capa de fragmentos de area, para permitir esmagar os alimentos. Orixinarios dunha área da Italia central, próxima a Roma, vénselle asignando unha cronoloxía que abrangue desde a época republicana ata finais do século I d. C., momento no que son substituídos polos morteiros Dramont 2.

Esta forma ten unha ampla difusión en todo o imperio romano, cunha presenza ben testemuñada na Península Ibérica, sobre todo na área costeira da *Tarraconensis*, con penetracións cara ao interior a través dos cursos fluviais.

Os morteiros coa marca de *Saturninus*, en Hispania concéntranse prioritariamente na Tarraconense, se exceptuamos os exemplares de Olisipo (Lisboa), na Lusitania, e o de *Laminium* (Alhambra, Cidade Real), na *Oretania* setentrional. A súa distribución sinala unha clara penetración desde a costa cara ao interior, cos exemplares de Barcino e Emporiae, continuando co de *Celsa*, *Uxama*, Herrera de Pisuerga, Paredes de Nava, *Lucus Augusti*, e este de Papón (Ourense). Esta dispersión, xunto coa de outros produtos, como a cerámica pintada tipo «Clunia», a circulación monetaria, determinados prototipos de cerámica de paredes finas e de vidro, entre outras manufacturas, axudan a definir o que hai anos, en colaboración con Manuel Xusto Rodríguez, denominamos a «corrente continental na Galicia romana Altoimperial».

En Hispania, este *instrumentum* é alleo ao enxoval culinario das poboacións indíxenas ata o contacto co mundo romano, polo que a súa distribución, en principio, está asociada a asentamentos exclusivamente romanos, nos que os campamentos son os máis proclives para o consumo deste tipo de producións, onde posiblemente puideron cumprir tamén a función de cunca.

Son moitos os ámbitos relacionados con algo tan amplo e rico en matices como é a alimentación e o que ela supón, desde a produción de alimentos ata a preparación e consumo, pois os hábitos culinarios son algo inherente á cultura humana, e posibilitan coñecer a evolución da gastronomía.

As comidas principais habituais entre os romanos eran tres: o almorzo, *ientaculum*, a primeira hora da mañá; *prandium*, a mediodía, que a miúdo tomábase de pé; e a comida forte, propiamente dita, a *cena*, que comezaba a tardiña e podía prolongarse ata ben entrada a noite.

A alimentación estaba baseada en produtos tipicamente mediterráneos: aceite, viño, hortalizas, froitas, froitos secos, etc. Na época arcaica non comían pan, senón puls, especie de gachas; máis tarde introduciuse o pan, tanto ácimo como fermentado. Non se consumía moita carne, da cal a máis frecuente era a de porco, pois como deixou dito Plinio O Vello: «Non hai animal do que se saque tanto número de cousas que sirvan a gula, pois ten cerca de cincuenta sabores diferentes, os demais animais teñen só un».

Nas cociñas, *culinae*, co seu espazo e estruturas asociadas, realízanse os labores propios de tratamento e cociñado dos alimentos. Ben que, nun principio ocuparon un lugar privilexiado na distribución da arquitectura doméstica, máis tarde, debido aos problemas que xeraban os fumes, olores e graxa, foron desprazadas para ocupar un lugar secundario, xeralmente detrás do *atrium*, asociado coas latrinas e co persoal de servizo. A súa coñecida estrutura consiste nun banco de ladrillo ou cachotería, cun rebordo, sobre o que se facía a fornalla, provisto dun oco debaixo para gardar a leña. Ás veces, nas casas máis acomodadas, complétase cun pequeno forno e vertedoiro. En Hispania non son moi identificables as estruturas de combustión de obra, utilízanse máis fogares construídos a rentes do chan, pegados ás paredes, con base de tégulas ou ladrillos, delimitados con fragmentos do mesmo material posto de canto.

Pois ben, dentro do amplo espectro de formas e funcións do material cerámico de cociña romano, *instrumenta domestica*, os morteiros formaban parte dos destinados ás preparacións culinarias para a súa elaboración en frío (*nasiternae*, *urceoli*, *operculi*, *mortaria*), permitindo os exemplares recuperados determinar a distribución das diferentes formas a través da súa comercialización, determinar as posibles rutas utilizadas e os talleres para o abastecemento.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Xulio Rodríguez González

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez e Rita Sanmamed Otero

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco